



CONCELLO DE PONTECESO  
r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)  
Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es  
CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **BASES DO XXVII ENTROIDO 2021 CONCELLO DE PONTECESO**

Coa finalidade de promover unha festa tradicional popular como é o Entroido, nesta época COVID-19, o departamento de Cultura do Concello de Ponteceso convoca en liña este XXVII **“LEMBRANZAS DO ENTROIDO”** coas seguintes bases:

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

O presente evento ten como finalidade promover a festa tradicional popular do Entroido. Este ano, por mor do COVID-19, o acto levarase a cabo a través de actividades en liña (Facebook municipal) dirixidas ao público en xeral desde o 10 ao 17 de febreiro aproximadamente, organizado pola Concellería de Cultura do Concello do Ponteceso.

### **SEGUNDA. PARTICIPANTES**

Poderán participar tódalas persoas que o desexen e os establecementos e comercios locais.

### **TERCEIRA. CATEGORÍAS**

#### **TERCEIRA.1.– CATEGORÍA DE DISFRACES TRADICIONAIS DE ENTROIDO**

Calquera persoa ou grupo que o desexe, enviará unha fotografía xunto co nome, apelidos e DNI, ao whatsapp de Cultura 630907124, coa súa caracterización tradicional de Entroido; a cal consistirá en caracterizarse de tempos entroideiros pasados, tradicionais e que serán de elaboración propia.

#### **TERCEIRA. 2.– CATEGORÍA DE GASTRONOMÍA TRADICIONAL DE ENTROIDO**

Consiste en elaborar unha receita entroideira típica e tradicional e enviárnola xunto co nome, apelidos e DNI , a través dun vídeo de duración máxima de 60 segundos, ao whatsapp de Cultura 630907124.

#### **TERCEIRA .3.– CATEGORÍA DE LOCAIS ENTROIDEIROS**

Aqueles comercios e establecementos do Concello de Ponteceso, que o desexen, farannos chegar tres fotografías da decoración entroideira do seu local xunto co nome do establecemento e DNI do titular.

### **CUARTA. PREMIOS**

Para este concurso en liña **“LEMBRANZAS DO ENTROIDO”** a Concellaría de Cultura establece os seguintes premios:

ESTABLECEMENTO ENTROIDEIRO	GASTRONOMÍA TRADICIONAL	DISFRAZ TRADICIONAL
200 €	100 €	50 €

## QUINTA. PAGO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios/gratificacións, a aquelas fotografías e vídeos que obtivesen máis “me gusta” no facebook municipal, realizarase mediante transferencia bancaria, ao titular da conta bancaria asociada ao premio, a cal deberá presentar no departamento de Cultura unha vez proclamado premiado.

## SÉXTA.- ASPECTOS XERAIS E PROCEDEMENTO PARTICIPATIVO

- Programa:
  - Do 8 ao 14 de febreiro, ambos inclusive, enviaranse as fotografías ou vídeos xunto co nome, apelidos e DNI ao whatsapp: 630907124
  - O luns 15 e o martes 16 de febreiro estará aberta a votación no Facebook do Concello de Ponteceso ata as 00 horas do martes.
  - O mércores 17 de febreiro, nesta mesma rede social, darase a coñecer o/a gañador/a de cada unha das tres categorías ( un único gañador/a por categoría).
- Non participarán no concurso aquelas fotografías ou vídeos que non correspondan coa temática tradicional.
- A organización poderá desqualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias.

## OITAVA.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso do Entroido 2021 en Ponteceso implica o coñecemento e aceptación destas bases así como a autorización para a publicación e uso das imaxes e vídeos orixinados neste evento cultural.

Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

## NOVENA. - INFORMACIÓN SOBRE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS.

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UW2016/676 do Parlamento Europeo do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación deste datos, infórmase aos interesados dos seguinte: os datos persoais serán incluídos nun ficheiro xestionado polo Concello do Ponteceso. O representante da agrupación poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais mediante correo electrónico a [correo@ponteceso.gal](mailto:correo@ponteceso.gal) ou por correo ordinario ó Concello do Ponteceso (rúa do Concello, 18, 15110, Ponteceso (A Coruña)).

Máis información 630907124 (Cultura)

Ponteceso, 2 de febreiro de 2021

O alcalde

Xosé Lois García Carballido